

FORMACIÓN 2024

Galicia
destino
sostible



Sostibilidade Social nas empresas do Sector Turístico

Sostibilidade Social nas empresas do Sector Turístico



29 de outubro



10:00 – 12:00



Formación on-line



**Máximo de 60 prazas.
Con prioridade para as
empresas de Galicia Destino
Sostible**

Inscríbete



Data límite de inscrición
**28 de outubro
12:00 am**

Ata fai uns anos, unha gran cantidade de empresas estaban interesadas case exclusivamente pola conta de resultados económicos. Sen embargo, desde o xurdimento do concepto de desenvolvemento sostible alá polo ano 1987 ata hoxe, son cada día máis as empresas que foron xestionando e integrando no seu funcionamento os aspectos sociais e ambientais.

O sector do turismo non queda atrás e a integración da sostibilidade é un feito que xa é presente e é futuro. En 2015, 293 países adheríronse á Axenda 2030. Un programa mundial para o desenvolvemento que contén 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) establecidos para o período 2015 – 2030.

Entre eles, existen unha serie de obxectivos vinculados aos aspectos sociais. Na actualidade, unha gran cantidade de empresas, dentro das súas estratexias de sostibilidade, están a se aliñar cos ODS.

No taller, realizarase en primeiro lugar, un achegamento xeral a como unha empresa debería integrar a sostibilidade na súa estratexia. Posteriormente, concretarase unha serie de medidas sociais que poden poñerse en marcha no sector do turismo, aliñándose cos ODS. Medidas que repercuten nos empregados/as das organizacións e outras que teñen impacto positivo na Comunidade. Á súa vez, desenvolverase un itinerario de exercicios que permitirá ao alumnado realizar un achegamento a como abordar todas estas cuestións.

Sostibilidade Social nas empresas do Sector Turístico



Relatora

Paz Hernández Pacheco

Licenciada en Ciencias Ambientais pola Universidade de Extremadura.

Máster en Desenvolvemento Local Sostible. Entre 2005 – 2012, traballou por conta allea nunha consultaría xeralista de formación e proxectos. Abordando cuestións ambientais, pero tamén outras sociais e para o desenvolvemento económico.

En 2013, comenzou coa súa empresa: El Ojo Sostenible. Unha consultaría para a sostibilidade con tres liñas de traballo: proxectos, consultaría a empresas e formación.

Galicia
destino
sostible



info@galiciadestinosostible.com



www.galiciadestinosostible.com



(+34) 881 50 51 02